

**ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA URXENTE DO ILTMO. CONCELLO
PLENO CORRESPONDENTE O DIA 6 DE SETEMBRO DO 2002.-**

Na Casa Consistorial do Iltmo. Concello de Ribadavia, o día seis de Setembro do dous mil dous; á unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para procederen á celebración da sesión extraordinaria urxente do Concello Pleno oportunamente convocada: Alcalde-Presidente, Don José Pérez Iglesias.- Concelleiros: Don Francisco Xabier Carreira Sebio, Don Julio Dabarca Cuiñas, Don Antonio Domínguez Lorenzo, Dona María José Escudero Estévez, Dona Manuela Iglesias Collarte, Don Miguel Fidalgo Areda, Don Marcos Blanco Jorge, Dona Maria Martínez Abal, Don Francisco Alonso Fernández, Don Secundino Rodríguez Gómez e Don Celso Sotelo Barroso. Non asiste Don Xosé Prieto Pérez, que escusa a súa asistencia.

Está presente o Secretario-Interventor accidental, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde pásase de seguido ó estudio do único asunto que conforma a anunciada Orde do Día, e que resulta se-lo seguinte:

1.- RATIFICACION DA URXENCIA DA SESION.-

Intervén Don Xosé Pérez Iglesias, Alcalde-Presidente do Concello, para sinalar que a urxencia ven motivada polo prazo establecido para poder participar nesta iniciativa comunitaria, sinalando que dito acordo debe estar na Xerencia do Plano de Dinamización antes do vindeiro día 10 de setembro.

De seguido, o Sr. Alcalde, somete a votación a ratificación da urxencia da sesión, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade a ratificación da urxencia da sesión.

**2.- APROBACION, SE PROCEDE, DA SOLICITUDE-ADHESION A
INICIATIVA COMUNITARIA INTERREG III-B SUDOESTE EUROPEO
2000-2006.-**

Intervén Don Xosé Pérez Iglesias, Alcalde-Presidente do Concello, para dar conta da moción que se acha no expediente e que de seguido se transcribe: "**DON JOSE PEREZ IGLESIAS, ALCALDE-PRESIDENTE DO ILTMO. CONCELLO DE RIBADAVIA (OURENSE)**", en relación coa Iniciativa Comunitaria Interreg III-B Sudoeste Europeo 2000-2006, ten a ben presentar ó Pleno do Concello a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Aprobar e comprometése a participar na realización do proxecto "Desenrolo dun turismo sostenible nas rexions vinícolas" presentado pola Iniciativa Comunitaria Interreg III-B Programa Operativo Sudoeste Europeo.

SEGUNDO.- Comprométese a efectuar unha contribución financeira para a consecución do proxecto de 72.121,45 Euros, conforme se especifica no plano de financiación do formulario da candidatura.

TERCEIRO.- Confirma-lo cumprimento das condicións de elexibilidade e da lexislación comunitaria no proxecto mencionado. Ribadavia, 5 de setembro do 2002".-

Intervén Don Francisco Xabier Carreira Sebio, voceiro do grupo municipal do B.N.G., para manifesta-la súa satisfacción por acceder a un programa comunitario, se ben lamentase que se acceda de rebote e pola porta de atrás; sinala que ve contradicións nas cantidades a aportar e non lle cadran as cifras; di que lle parecen insuficiente as cantidades adicadas á promoción de eventos turísticos así coma, a cantidade adicada a website parécelle excesiva; pregunta de onde vai a sai-la aportación municipal. Finaliza a súa intervención dicindo que lle parece boa a idea se ben sinala a falta de concreción na proposta así como tamén nota falta de documentación para ter un Pleno deste calado.

Intervén Don Miguel Fidalgo Areda, voceiro do grupo municipal do P.S.O.E., para sinalar que o seu grupo vai a apoia-la petición de subvención, dicindo que o binomio Viño-Turismo, parécelle unha liña interesante de traballo e na que debían incidir outros organismos (Consello Regulador, Mancomunidade ...). Finaliza a súa intervención solicitando que unha vez se aprobe a subvención, se consensuen os proxectos a desenrolar.

Intervén Don Xosé Pérez Iglesias, Alcalde-Presidente do Concello, para sinalar que a idea é boa se ben pode ser un pouco prematura; pensa que o tema do Viño e do Turismo hai que sacarlle partido, sinalando que unha vez concedida a subvención haberá que estudar e defini-lo proxecto.

Intervén o Sr. Carreira Sebio, para manifesta-lo apoio do seu grupo, se ben pide unha maior axilidade na xestión destes temas.

De seguido, o Sr. Alcalde, somete a votación a moción presentada, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

E sendo as dúas menos cinco do mediodia o Sr. Alcalde ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, como Secretario, certifico.